Cifras poboacionais de referencia

Datos correspondentes ao primeiro semestre do ano 2025

Data de publicación 16/01/2026

Principais resultados

- No 1 de xullo de 2025 a poboación de Galicia cifrouse en 2.720.738 habitantes (dato provisional), 5.997 persoas máis que a principios de ano, o que supón un incremento do 0,22 % no semestre.
- A comarca de Galicia que, segundo estes datos provisionais, gañou máis poboación durante o primeiro semestre do ano 2025 foi a de Ferrol, con 2.228 persoas máis, e a que máis poboación gañou en termos relativos foi a de A Ulloa, que incrementou a súa poboación nun 2,42 % no semestre.
- Os concellos de Santiago de Compostela e Lugo superaron os 100.000 habitantes no 1 de xaneiro de 2025 e mantéñense por riba desta cifra no 1 de xullo de 2025.

1. Introdución

A estatística Censo anual de población, realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), proporciona os datos de poboación residente en España, en cada comunidade autónoma, provincia, illa (nas provincias insulares), concello e sección censual, no 1 de xaneiro de cada ano. Estes datos son empregados como cifras poboacionais de referencia en todas as operacións estatísticas do INE (enquisas, Contabilidade Nacional, indicadores, etc.) e son transmitidas a nivel internacional como datos oficiais de poboación de España a todos os efectos. Outra estatística do INE, a Estadística continua de población, estima a poboación ao comezo de cada trimestre ata o nivel provincial, pero non proporciona datos a nivel municipal.

Para o cálculo de determinados indicadores é preciso dispor de cifras de poboación na metade de cada período considerado; no caso de indicadores anuais necesítase a poboación no 1 de xullo, que o INE non proporciona a nivel municipal. Por isto o IGE calcula nas Cifras poboacionais de referencia a desagregación territorial (ata o nivel municipal) da *Estadística continua de población* do INE no 1 de xullo de cada ano, para o que emprega as estatísticas do *Movimiento Natural de la Población*. Para completar a serie anual das *Cifras poboacionais de referencia* utilízanse os censos anuais de poboación coa información no 1 de xaneiro de cada ano.

Esta edición das *Cifras poboacionais de referencia* inclúe a actualización dos resultados de 1 de xullo de 2024 (difundidos na edición anterior con carácter provisional e que pasan agora a ser definitivos), a poboación no 1 de xaneiro de 2025 (procedente do *Censo anual de población*) e os resultados provisionais obtidos para o 1 de xullo de 2025.

2. Información para Galicia, provincias e comarcas

A actualización das *Cifras poboacionais de referencia* no 1 de xullo de 2024, motivada pola actualización da *Estadística continua de población* do INE para esa data, proporciona a seguinte distribución da poboación de Galicia por sexo e provincias:

Poboación. Galicia e provincias.
1 de xullo de 2024
Unidade: persoas

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.705.832	1.301.987	1.403.845
A Coruña	1.130.214	541.469	588.745
Lugo	324.596	157.472	167.124
Ourense	303.942	145.948	157.994
Pontevedra	947.080	457.098	489.982

Fonte: INE. Estadística continua de población (descarga da táboa).

Segundo o *Censo anual de población*, Galicia rexistrou no 1 de xaneiro de 2025 unha cifra de 2.714.741 habitantes, o que supón un aumento de 8.909 persoas (o 0,33 %) no segundo semestre do ano 2024.

Poboación. Galicia e provincias.
1 de xaneiro de 2025
Unidade: persoas

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.714.741	1.306.827	1.407.914
A Coruña	1.135.623	544.635	590.988
Lugo	326.022	158.220	167.802
Ourense	305.278	146.646	158.632
Pontevedra	947.818	457.326	490.492

Fonte: INE. Censo anual de población (descarga da táboa).

No 1 de xullo de 2025 a poboación de Galicia cifrouse na *Estadística continua de población* (de xeito provisional) do INE en 2.720.738 habitantes, polo que con respecto ao 1 de xaneiro de 2025 aumentou en 5.997 persoas (o 0,22 %).


Poboación. Galicia e provincias.
1 de xullo de 2025. Datos provisionais
Unidade: persoas

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.720.738	1.310.801	1.409.937
A Coruña	1.138.843	546.662	592.181
Lugo	326.487	158.751	167.736
Ourense	305.972	146.967	159.005
Pontevedra	949.436	458.421	491.015

Fonte: INE. Estadística continua de población (descarga da táboa).

A pirámide de poboación galega no 1 de xullo de 2025 mantén o patrón observado nos últimos anos: base cada vez máis estreita e acumulación de efectivos na parte superior da mesma, sobre todo na parte feminina. Os grupos etarios máis numerosos concéntranse na franxa que inclúe desde os 40 aos 69 anos, no caso dos homes, e dos 40 aos 79 anos no caso das mulleres, sendo o grupo quinquenal máis numeroso o de persoas de 45 a 49 anos (grupo ao que pertence o 8,5 % da poboación total residente en Galicia).

Poboación. Galicia. 1 de xullo de 2025. Datos provisionais



Fonte: INE. Estadística continua de población (descarga da táboa).


Segundo as *Cifras poboacionais de referencia*, 26 das 53 comarcas galegas gañaron poboación durante o primeiro semestre do ano 2025; a comarca que gañou máis poboación en termos absolutos foi a de Ferrol, cun incremento de 2.228 persoas, e a comarca que porcentualmente gañou máis poboación nese período foi A Ulloa, cun incremento do 2,42 %.

Comarcas galegas que gañaron poboación durante o primeiro semestre do ano 2025
Unidade: persoas, porcentaxe

Espazo	1 de xaneiro de 2025 Datos definitivos	1 de xullo de 2025 Datos provisionais	Variación absoluta	Taxa de variación (%)
A Ulloa	8.835	9.049	214	2,42
Ferrol	152.001	154.229	2.228	1,47
Terra de Caldelas	2.724	2.764	40	1,47
O Condado	42.685	43.102	417	0,98
Betanzos	40.002	40.384	382	0,95
A Mariña Oriental	16.203	16.341	138	0,85
O Sar	15.283	15.410	127	0,83
Os Ancares	9.131	9.198	67	0,73
A Mariña Central	28.817	28.991	174	0,60
O Carballiño	26.238	26.389	151	0,58
Allariz-Maceda	14.224	14.301	77	0,54
A Paradanta	12.027	12.092	65	0,54
Terra de Lemos	29.872	30.005	133	0,45
Ourense	145.652	146.309	657	0,45
O Morrazo	81.819	82.114	295	0,36
Santiago	174.115	174.705	590	0,34
A Coruña	417.476	418.718	1.242	0,30
Lugo	120.276	120.595	319	0,27
Vigo	428.071	429.133	1.062	0,25
A Barcala	10.202	10.224	22	0,22
Bergantiños	67.032	67.151	119	0,18
Terra de Trives	3.679	3.684	5	0,14
A Limia	19.156	19.177	21	0,11
Meira	5.041	5.045	4	0,08
O Baixo Miño	50.942	50.981	39	0,08
O Salnés	110.788	110.832	44	0,04

Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa).

Evolución da poboación das comarcas de Galicia no primeiro semestre do ano 2025. Datos provisionais
Unidade: taxa de variación (%)



Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa).

3. Información para os sete grandes concellos de Galicia

Seis dos sete grandes concellos galegos gañaron poboación durante o primeiro semestre do ano 2025; o que máis incrementou o seu número de habitantes en termos relativos foi o de Ferrol, un 3,09 %. O único concello galego que, segundo os datos provisionais, perdeu poboación desde xaneiro a xullo de 2025 foi Pontevedra, con 75 persoas menos (o 0,09 %).

Poboación dos sete concellos de Galicia con máis de 50.000 habitantes
Unidade: persoas, porcentaxe


Espazo	1 de xaneiro de 2025 Datos definitivos	1 de xullo de 2025 Datos provisionais	Variación absoluta	Taxa de variación (%)
Concello da Coruña	251.277	252.167	890	0,35
Concello de Ferrol	64.903	66.908	2.005	3,09
Concello de Santiago de Compostela	100.842	101.855	1.013	1,00
Concello de Lugo	100.071	100.520	449	0,45
Concello de Ourense	105.609	106.300	691	0,65
Concello de Pontevedra	83.339	83.264	-75	-0,09
Concello de Vigo	295.735	296.630	895	0,30

Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa).

Máis da terceira parte da poboación galega vive nun dos sete grandes concellos de Galicia; en concreto, o 37,04 % da poboación segundo os datos provisionais do 1 de xullo de 2025.

Peso dos sete concellos de Galicia con máis de 50.000 habitantes na poboación total. 1 de xullo de 2025. Datos provisionais

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa).

4. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Metodoloxía

- Metodoloxía

Descarga de datos

- Cifras poboacionais de referencia por sexo e grupos quinquenais de idade
- Cifras poboacionais de referencia por sexo e idades simples. Grandes concellos